

Presentación da materia/módulo

| | | | |
|----------------|------------------------------------|--------------|--------|
| Materia | Lingua Castelá e Literatura | Curso | 4º ESO |
|----------------|------------------------------------|--------------|--------|

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

| | |
|----------------------|--|
| 1ª avaliación | <p>Bloque 1 e 2: escoitar, falar; ler e escribir: A argumentación. Elementos dos textos argumentativos. Estruturas argumentativas. Tipos de textos argumentativos. Comprensión e redacción de textos argumentativos.</p> <p>Bloque 3: Coñecemento da lingua: As clases de palabras. Tipos de sintagmas. A oración simple. Oración composta por coordinación</p> <p>Bloque 4: Educación literaria. Neoclasicismo. Romanticismo. Realismo e Naturalismo</p> |
| 2ª avaliación | <p>Bloque 1 e 2: escoitar, falar; ler e escribir: - Textos da vida social: o currículum vitae; os textos publicitarios.</p> <p>Bloque 3: Coñecemento da lingua. A oración composta por subordinación substantiva e adxectiva.</p> <p>Bloque 4: Educación literaria: Literatura do século XX antes da Guerra Civil.</p> |
| 3ª avaliación | <p>Bloque 1 e 2: escoitar, falar; ler e escribir: - A diversidade lingüística.</p> <p>Bloque 3: Coñecemento da lingua: A oración composta por subordinación adverbial. Repaso de todas as estruturas lingüísticas.</p> <p>Bloque 4: Educación literaria: Literatura do século XX posterior á Guerra Civil.</p> |

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

| Instrumentos: | Peso |
|---------------------------------------|------|
| Traballo diario dentro e fóra da aula | 10% |
| Exame de avaliación | 50% |
| Control | 20% |
| Tarefa(s) por avaliación | 10% |
| Obra de lectura | 10% |

TRABALLO DIARIO:

Valorarase:

- 0,5 polo traballo realizado na casa (traer feitos os exercicios que se piden; facer as revisións e ascorrección oportunas dos mesmos cando se corríxen na clase,...)
- 0,5 polo traballo realizado na aula (seguimento das explicacións, participación, preguntardúbidas, saír voluntario/a nas clases)

EXAME:

Realizarase un exame por avaliación que se puntuará sobre 5. Nel haberá cuestións de comprensión lectora e preguntas sobre os contidos de literatura e de coñecemento da lingua.

CONTROIS:

Realizarase un control por avaliación sobre os contidos dados ata o momento que se puntuará sobre 2.

OBRAS DE LECTURA:

Terán que facer unha lectura obrigatoria por avaliación:

- 1ª avaliación: *Marina*, Carlos Ruiz Zafón.
- 2ª avaliación: *La casa de Bernarda Alba*, García Lorca.
- 3ª avaliación: *Ninfa rota*, Alfredo Gómez Cerdá.

Sobre cada unha realizarase un traballo ou un control de comprobación de lectura polo que poderá acadar ata 1 punto.

TAREFAS:

En cada avaliación realizarán unha ou dúas tarefas que puntuará un máximo de 1 punto.

- 1ª avaliación: Elaboración dunha infografía sobre un autor/a das etapas estudadas.
- 2ª avaliación: coa axuda de distintas aplicacións informáticas, redacción de currículos ficticios – un sobre unha das mulleres do grupo das *Sinsombrero* e outro sobre si mesmos/as no futuro.
- 3ª avaliación: Creación de bibliotrailer, videorreseña ou vídeo animado sobre a obra de lectura desta avaliación.

A nota da avaliación será a suma de: nota do exame, nota dos controis, nota do traballo dentro e fóra da aula, nota da tarefa e nota da obra de lectura. Aprobarán aqueles que acaden unha nota

=/> 5

A nota final da materia será a media aritmética entre as tres avaliacións.

O alumnado que non consiga o aprobado mediante este procedemento terá dereito a unha proba de recuperación na que entrarán todos os contidos do curso. Para aprobar a materia será imprescindible sacar unha nota igual ou superior a 5. **

**** OBSERVACIÓN:** este aspecto podería sufrir modificacións, como ven ocorrendo nos últimos cursos, dependendo das instrucións sobre o final de curso que cheguen desde a Consellería.